


Xuño 2018



Día das letras galegas:
“MARÍA VICTORIA MORENO”



“NOVAS DO PERRAL”

Nº 22

**Revista escolar do
CEIP de Petelos-Mos**

MARÍA VICTORIA MORENO



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17 DE MAIO DE 2018

Imaxineración Galega

- Fai unha caricatura de MVM.



María Victoria Moreno Márquez



MARÍA VICTORIA NACEU O 1 DE MAIO DE 1939 NA LOCALIDADE CACEREÑA DE VALENCIA DE ALCÁNTARA. VICENTE, O SEU PAI, ERA MILITAR; A SÚA NAI, SARA, MESTRA DE PRIMARIA. A SÚA INFANCIA PASOUNA ENTRE BADAXOZ, SEPÚLVEDA E BARCELONA.

FIXO O BACHARELATO EN BARCELONA, ONDE APRENDEU A FALAR CATALÁN E FRANCÉS. EN 1958 ESTUDOU FILOLÓXIA ROMÁNICA NA UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID E ALÍ COÑECEU A LUÍS LLÁCER, CO QUE CASARÍA E IRÍA VIVIR, EN 1963, A PONTEVEDRA.



EN 1965, MARÍA VICTORIA ENTROU A TRABALLAR COMO PROFESORA DE INSTITUTO, PRIMEIRO EN LUGO, DESPOIS EN VILALONGA E FINALMENTE EN PONTEVEDRA, ONDE TRABALLOU EN DOUS INSTITUTOS: O «VALLE INCLÁN» E O «TORRENTE BALLESTER».

A DEFENSA DO IDIOMA GALEGO LEVA A MARÍA VICTORIA A USALO NO INSTITUTO NAS SÚAS CLASES DE LITERATURA ESPAÑOLA E A DAR CURSOS DE GALEGO PARA ADULTOS. EN 1974, COMO REPRESALIA POR ESTAS CLASES, FOILLE RETIRADO O SEU PASAPORTE.



EN 1975, EDICIÓNS DO CASTRO PÚBLICALLE «MAR ADIANTE» O SEU PRIMEIRO LIBRO EN GALEGO. ESTA PRIMEIRA EDICIÓ N ESTABA ILUSTRADA POLA PROPIA MARÍA VICTORIA. ESTE LIBRO CONVERTEUNA NUNHA DAS GRANDES AUTORAS DA LITERATURA INFANTIL GALEGA.

CO SEU LIBRO «LEONARDO E OS FONTANEIROS» ACADOU O 3º PREMIO DO CONCURSO DE LITERATURA INFANTIL «O BARCO DE VAPOR», NO ANO 1985. ESTE LIBRO CONSIDÉRABAO MARÍA VICTORIA COMO O SEU PREFERIDO.





María Victoria Moreno

DENDE 1986 A 2001 PUBLICA UNHA CHEA DE LIBROS EN IDIOMA GALEGO: «LEONARDO E OS FONTANEIROS», «VERSO E PROSA», «¿UN CACHIÑO DE BICA?», «¿E HABERÁ TIRÓN DE ORELLAS?», «A BRÉTEMA», «GUEDELLAS DE SEDA E LIÑO», «DIARIO DA LUZ E A SOMBRA»...

«EU CONTO, TI CANTAS...», EDITADO EN 2005, É O ÚLTIMO LIBRO QUE MARÍA VICTORIA VIU PUBLICADO EN VIDA. FINOU NA CIDADE DE PONTEVEDRA O 22 DE NOVEMBRO DESE MESMO ANO, Á IDADE DE 66 ANOS.

Localiza nesta sopa de letras 8 nomes propios relacionados coa biografía de MVN.



CÁCERES
 MORENO
 MADRID
 BARCELONA
 LUGO
 PONTEVEDRA
 GALAXIA
 LEONARDO

M _____

A _____


R _____

í _____

A _____

Poderías facer ti un acróstico co nome da escritora?


Busca a obra de MVM agochada




I




D




R



T




A



M







E



N





Se MVM naceu en 1936 e morreu en 2005. Cantos anos tiña cando morreu? E que idade tería neste ano 2018?

QUE SABEDES DOS CAMELOS ?:


SE TEÑEN 2 XIBAS CHÁMANSE:

CAMELOS


E SE TEÑEN 1 :

DROMEDARIOS


PODEN BEBER ATA 200 L DE
AUGA NUN DÍA, 120 DUNHA
ATACADA



TEÑEN DÚAS CAPAS DE
PESTANAS PARA PROTEXER
OS OLLOS DA AREA



OS CAMELOS NACEN
SEN XIBA




A XIBA É UNHA
RESERVA DE
GRASA, NON DE
AUGA




MUDAN DE PELO CADA
ANO



PODEN PECHAR AS
SÚAS FOSAS NASAIS
PARA QUE NON LLES
ENTRE AREA





COMEN DE TODO, PODEN
COMER PRANTAS CON
ESPIÑAS SEN MANCARSE




CUSPEN PARA
DEFENDERSE.

SOPORTAN
TEMPERATURAS DE
ATA 50° E - 30°



CAMIÑAN MOVENDO
ALTERNATIVAMENTE AS
PATAS DO MESMO LADO.
"MOVEMENTO DE BARCO"



E. Infantil 3 anos

A NENA GAITEIRA

Conta unha lenda que unha nena chamada Sabela quería aprender a tocar a gaita.

A historia empeza así:

Un fin de semana a nena foi ver a avoa. A avoa contoulle que a súa tía aprendera a tocar a gaita porque ao escoitar o canto dos paxaros, o seu corpo movíase ao seu ritmo. Ela quería ser como os paxaros e transmitir a súa alegría coa música. Por iso a nena ao escoitar iso quixo tamén aprender a tocarla.


Desde ese día a nena preguntáballe a súa nai todas as mañás se podía apuntala a clases de gaita.

Unha tarde ao volver do colexio a nai díxolle:

-Apuntámoste a clases de gaita! Empezas o venres.

Cando empezou dixo:

-Eu quero ser Gaiteira!



FIN

4

NA CLASE DE

ANOS ESTAMOS TRABALLANDO

OS ÁRADES

ENTRE AS MOITAS COUSAS QUE ESTAMOS APRENDENDO

NOS CHAMOU MOITO A ATENCIÓN A

ESCRITURA

SABEMOS QUE ESCRIBEN DE

DEREITA

A

ESQUERDA

E QUE NON TEÑEN

MAIÚSCULAS

GUSTOUNOS MOITO ESCRIBIR OS NÓSOS NOMES :

لولا

LOLA

ليري

LEIRE

ليو

LEO

دانيلا

DANIELA

روث

RUTH

زايرة

ZAIIRA

قنديلة

ECA

كلارا

CLARA

بيغا

VEGA

مارتين

MARTIN

كلوديا

CLAUDIA

ايبان

IVÁN

ASÍ DE PRECIOSOS NOS QUEDARON:



Dende a clase de 5 anos queremos agradecer a valiosa colaboración

das familias nos nosos proxectos!

**Tanto aos que o fixeron dun xeito directo coma os que non
pudieron vir, pero que día a día participan no noso proxecto**

común e máis importante: OS NENOS.

**Grazas pola vosa colaboración, esforzo e tempo! Vivenciamos tantísimas
 cousas que de outro xeito non serían posibles!! O proxecto tiña como
centro de interese “Os traballos dos nosos pais” pero logo transformouse
en moito máis! Transformouse nunha aprendizaxe de vida chea de
experiencias, de afectos, de motivación e de convivencia. Non hai nada
mellor que aprender tocando, vendo, probando, oíndo, ulindo, facendo...e
nada máis motivador que todas esas experiencias proveñan das nosas
familias.**

SEN VÓS, NON SERÍA POSIBLE....



VISITAR UNHA
AMBULANCIA POR
DENTRO E APRENDER
MOITO SOBRE OS
APARELLOS QUE LEVA
NO SEU INTERIOR E QUE
AXUDAN A SALVAR
TANTAS VIDAS!!



COÑECER
NOVOS AMIGOS
TAN XENIAIS
COMA OS
AMIGOS DO SAN
FRANCISCO!!
QUE NOS
TRATARON DE
MARABILLA E
QUEDARÁN NO
NOSO CORAZÓN
PARA SEMPRE!!




APRENDER A FACER
ROSQUILLAS. QUE
POR CERTO,
ESTABAN
BOÍSIMAS!!



REANIMAR A UN
BONECO AO RITMO
DE BOB ESPONXA!!
E APRENDER
MOITÍSIMAS
COUSAS SOBRE
PRIMEIROS
AUXILIOS!!



SOÑAR CON
MERCAR DE
MAIORES UNHA
CARAVANA E
PERCORRER
MUNDO!!



APRENDER CÓMO FUNCIONA O SENTIDO DA VISTA E AS PARTES DO OLLO DE MANS DUN VERDADEIRO ESPECIALISTA!!

FACER UNHA VERDADEIRA CADEA DE MONTAXE DE COCHES Á QUE NON LLE FALTABA DE NADIÑA!!



POR ESTAS AVENTURAS E MOITAS MÁIS

QUE ESTARÁN POR VIR.....

GRAZAS!!

GALLETAS MARROQUÍIS

Durante este curso, no noso colexio, estamos a traballar o proxecto do legado cultural árabe. Xa aprendemos que nos deixaron moitas cousas: vocabulario, monumentos, inventos, instrumentos ... e saborosas comidas.

Os alumnos de 2º estivemos a cociñar unhas ricas galletas.. se queres facelas na túa casa, aí vai a receita:



INGREDIENTES



Un vaso de aceite de sementes.



Un vaso de nata líquida.



Un vaso de azucre "glass".



Un chisquiño de manteiga de vaca (mahat).



Fariña.



Sésamo.



Agora xa podes empezar a preparalas:

1º-Mestura nata, aceite, manteiga e azucre.

2º- Vai engadindo a fariña e amasando ata conseguir unha masa espesa, suave e branda.

3º-Deixa repousar a masa na neveira ata o día seguinte.

4º-Amasa (podes engadir un chisco de fermento en pó ou de panadeiro) e fai boliñas.



5º-Pasa as boliñas polo sésamo, colócaas nunha bandexa de forno con papel vexetal e lévaas ao forno ata que estean douradas.



Xa verás que ricas!!!!!!

CALIGRAMAS de TERCEIRO

Unha aposta arriscada:
Escollendo en internet,
e traducindo ata
morrer.



A AMENDOA VIAXEIRA



ÉRASE UNHA VEZ
UNHA AMÉNDOA
AMARGADA.
-¡ESTA CASCA TAN
DURA
NON ME PERMITE
VER NADA!-
PROTESTA CON VOZ
CHILLONA
E DÉRONLLE UNHA
PASAXE
PARA UN TURRÓN
DE XIXONA.



Érase que se era

Unha sardiña

Sabida en corais

Da area máis fina.

Namorouna un peixe espada


Toreador de muletiña

E selaron o seu romance

Sobre unha grelliña.

Diana, Nicole e Joel

Diana, Nicole, Joel



Hai serpiñas moi pequeniñas,

Hai serpóns moi grandóns.


*Tamén hai serpiñas moi
grandiñas,*

E serpóns moi pequenóns.

Mario

LAS GAMBAS ARTISTAS

desexaban



Cristal

Antía

Vito

As gambas artistas

Éranse que se eran, tres gambas artistas.

Desexaban moito ser grandes coristas.

Un día actuaron. Fixérono tan ben

Todos aplaudiron a súa gracia e saleiro,

e peladas en fila , acabaron no pucheiro.

Cristal Antía e Vito

Dentro dunha pera vivía un verme.

Se tiña fame dáballe un bocado.

Tanto ,tanto, tanto a trincou,

Que ao cabo dun tempo

Sen casa quedou.

Mekonen e Pablo





*Nunca me quito a roupa,
Pero pónome un disfraz,
sobre o meu vestido verde
cando chega o Nadal*

Paola R. e Meira

- A Petición do ovo -



Érase que se era

Un ovo xoguetón

e.. nun descoido

nun momento

caeu preso nunha cunca

-Non me batas- dixo baixiño.

E decidiron facelo frito

Nicolás e Iker



ÉRASE QUE SE ERA
UN POLBO MACARRILLA,
JONH TRAVOLTA ENTRE CORAIS,
“NUMBER ONE” DAS QUISQUILLAS.
TRAS TANTO ENSAIO MARIÑO,
AO FIN O SEU DEBUT LLE CHEGA,
CON PEMENTÓN E SAL GORDA
COCIÑADO Á GALEGA. []

PALOMA E NOA

Xoán e o misterioso caso da pandeireta máxica.

Era o día do IFEVI e toda a rondalla de SANTA EULALIA DE MOS xa estaba preparada, Xoán estaba listo, pero como sempre fallaba, trouxo una pandeireta doutro lugar do mundo, era dourada e cando a tocaba nunca fallaba (A PANDEIRETA MÁXICA).

Xoan foi ver como tocaban as outras rondallas. De súpeto notou que lle quitaran a pandeireta e púxose a investigar. Encontrou unha pista, eran cintas dalgunha pandeireta, parecían de TORROSO. El mirou as pandeiretas de TORROSO e había unha que non tiña as cintas e preguntoulle ao seu propietario, pero el dixo que llas roubaran.

Xoán mirou un reflexo no cristal e seguiu. O reflexo viña da pandeireta dun neno de PONTELLAS, e Xoán entendeu todo, o das cintas; fora ese neno quen as roubara para que el perdese o tempo buscando o ladrón, pero Xoán non podía facer nada porque el xa tiña que tocar. Escomenzou a súa actuación e saíu ben, el tocara de marabilla, aínda que non tiña a pandeireta máxica.

Cando foi a entrega de premios, os de PONTELLAS quedaron de primeiros grazas a pandeireta máxica, e os de SANTA EULALIA de segundos.

Despois disto, Xoán denunciou o roubo da súa pandeireta e recuperouna. Agora segue practicando...

ENTREVISTA A UNHA GRAN LECTORA

NEREA: Cal foi o último libro que liches?

YANIRA: Tarzán de goma.

NEREA: Gustouche?

YANIRA: Sí, gustoume moito.

NEREA: Quen o escribiu?

YANIRA: Andrés Meixide.

NEREA: Cal foi a túa parte preferida?

YANIRA: Cando Tarzán tivo o seu desexo.

NEREA: Cal foi o seu desexo?

YANIRA: Pediu que se lle cumprisen todos os seus desexos durante un día.

NEREA: E que foi o que fixo ese día?

YANIRA: Ir ao instituto e vingarse de todos os matóns que se burlaban del, xa que ese día era o máis forte, áxil e listo da clase. Xogaba xenial ao fútbol, facía cabriolas coa bici, era o mellor.

NEREA: Recomendas o libro?

YANIRA: Sí, encantoume.



ENTREVISTA A OUTRA GRAN LECTORA

SORAYA: Cal é o libro que máis che gustou?

XULIA: A increíble historia de “Mi tía terrible”.

SORAYA: Cantas páxinas ten e canto tardaches en ler o libro?

XULIA: Ten trecentas oitenta e tres páxinas e tardei unha semana.

SORAYA: Que foi o que máis che chamou a atención?

XULIA: Que a tía matou aos seus irmáns, a súa sogra e quería matar a súa sobriña.

SORAYA: Que foi o que máis che gustou?

XULIA: Que grazas a Wagner, o bufo e aos seus bufos, a tía morreu.

SORAYA: Recomendarías o libro?

XULIA: Claro, é moi divertido e moi gracioso.

SORAYA: Quen é o autor?

XULIA: David Wallians.

SORAYA: Cantos libros fixo este autor?

XULIA: Escribiu sete libros.

SORAYA: Liches todos?

XULIA: Lin dous libros deste autor, “A Tía Terrible” e “O dentista demonio”.



4º de Primaria




VISITING CÓRDOBA

THIRD GRADE



The Orange Tree
Courtyard.



The Almodóvar Gate.

A porta de Almodóvar..
It's the most important
gate of the city walls.




The city walls.

As murallas.



The Alcázar. O Alcázar. This is a very popular monument.



The couryards. Os patios.
With beautiful flowers



The Orange Tree Courtyard.



The Orange Tree



The Great Mosque. A Mezquita. It's one of the structures still standing from the time of Muslims.

EDUCACIÓN FÍSICA

Dende a área de Ed. Física neste curso participamos en diferentes actividades deportivas e competicións. Como en anos anteriores seguimos participando na dinamización intercentros con diferentes colexios de Mos e Porriño.

Como novidade este ano os alumnos de 5º e 6º de Primaria participaron nunha actividade de Surf promovida polo Concello de Mos.

Esta experiencia foi moi positiva pois practicamos deporte noutro medio que non é moi habitual, o mar.

Os nenos pasárono moi ben e quedaron con ganas de mais.

SURF



ESTA ACTIVIDADE CONTOU CON DÚAS PARTES.

⇒ UNHA PRIMEIRA TEÓRICA, ONDE OS MONITORES VIÑERON Á ESCOLA PARA DARLLE ÓS NENOS UNHAS NOCIÓNS BÁSICAS DO DEPORTE.



⇒ E UNHA SEGUNDA PARTE PRÁCTICA ONDE FOMOS NÓS OS QUE NOS DESPRAZAMOS ATA A PRAIA PARA PRACTICAR ESTE DEPORTE.

A pesar de que o día estivo un pouco nubrado, pasámolo moi ben, e quedamos todos con gañas de Repetir.



Cross

Zamás

Novembro 17



Como en anos anteriores os alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria participaron no campionato escolar de campo a través realizado en Vigo, na parroquia de Zamás.



Mario e Joel de 5º Primaria

Alí tiveron a oportunidade de competir e coñecer a alumnos doutros centros da contorna e compartir un día lúdico de deporte Ó aire libre.



Saída de alumnos de 4º





ENGLISH CÓMICS

Coincidindo co proxecto do cole que trata sobre os árabes e o legado patrimonial e cultural que deixaron no noso entorno, o alumnado de cuarto de primaria creamos uns cómics na clase de Inglés, adaptando o conto: “Pepe Mouse, the travelling mouse”. Este libro, trata sobre un rato viaxeiro que visita varios lugares emblemáticos da cidade de Granada: o palacio da Alhambra, o Generalife, o Sacromonte, etc. Cada un de nós, adaptou e/ou ampliou a historia introducindo novas situacións, personaxes e lugares.


Quedáronnos chulísimos!

PEPE MOUSE TRAVELS TO GRANADA

(Pepe Mouse is dressing up in his house)

I go to Granada!

Finds his girlfriend Lucy with a puppy that has just adopted



Lucy and Pepe Mouse are going to eat tapas.


Do you like travelling Lucy?
Yes, I do.



They take their suitcases and go to the airport



They leave the hotel and go home by plane.



Authors: Yara, Adrián, Noa, Soraya y Nerea

THE JOURNEY OF PEPE MOUSE


Pepe mouse goes to Granada He looks his reflection.



Pepe Mouse kept walking, then he found his friend Jerry.

In the Palace of Alhambra he met his friend Jerry.

Pepe Mouse continued walking with his friend Jerry.



Saying goodbye. And Pepe mouse says:





Authors: Damían / Alejandro / Mateo / Aldara / Noa G.

MIKEY MOUSE & PEPE MOUSE

'Where are you going Pepe Mouse?' 'To Granada'

'And what will you see?'




'Where are you going Pepe Mouse?' 'To Granada'

'And what will you see?'

'I go to the Generalfest'
'And what else?'


'I will take a photo.'

'This is a pool'



'I go to Alhambra palace!
'And what else?'


My friend is missing. Here's my
friend. I go to the Sacramento
hill, to dance some flamenco



'Hello Mikey Mouse.'
'Hello Pepe Mouse.'
Where are you going now?


THE PARK!
'No, Mikey Mouse!'

THE CATHEDRAL!



PE PE MOUSE TRAVELS TO GRANADA


Pepe Mouse is travelling to Granada.



It's beautiful. I'll take a picture!




Pepe Mouse is in the pool with his friend Loaira dolphin.




They are in the Generalife.


Pepe Mouse likes swimming, but he doesn't like water.



Then, Pepe Mouse finds his friend Xulia Rabbit in the Alhambra palace.



Later, Pepe Mouse finds his friend Sandra swan in the Cathedral.



He also meets his friend Claudia Unicorn in the plaza Nueva square.



Finally, Pepe Mouse leaves Granada. His friends say: goodbye!



O PODER DE IRISINA

Esta é a historia de Irisina unha nena de cabelos rosados, e a miúdo con dúas trenzas e un lazo grande e branco na cabeza. Irisina vivía en Lun un pobo de elfos que non facían maxia. Irisina era normal, vaia, según o pobo de Lun, ou iso pensaban todos. A Irisina encantáballe ver que facían os humanos.

Un día decatouse de que uns humanos estaban tocando unha música que eles chamaban: "Música tradicional galega". A Irisina gustoulle tanto que se aprendeu o nome de tódolos instrumentos. O instrumento que máis lle gustaba eran as cruces. Un día intentou cantar a música tradicional galega. E fixo maxia con aquela música, cousa que fixo que lle gustase moito máis.

Encantáballe a música tradicional galega, de feito parecía que vivía por ela, pero seus pais que odiaban ós humanos dicíanlle:

-Música tradicional galega? É por riba humana! Nunca toques esa música! Mellor toca o lian* que para iso vas as clases.

Os seus poderes eran, que cando tocaba música tradicional galega, facía maxia coa música tanto como cantándoa que como tocándoa. Facía cousas espectaculares. Podía converter as notas en calquera cousa na que ela pensase, ata podían converterse nun can (cousa que non había en Lun). Tamén podía facela resoar en todo o pobo de Lun, e facer que a xente se alegrase por calquera cousa na que ela pensara. Pero estes poderes non os usara aínda.

Un día os pais de Irisina encontraron na súa habitación milleiros de papeis que poñían calquera cousa da música tradicional galega, e eles enfadáronse tanto que ata fervían de furia.

Cando Irisina chegou das súas clases, os seus pais dixéronlle:

-Non che dixemos que nada de música tradicional galega! Se volves facer algo disto estarás castigada polo menos un mes. Entendido!

Ao que ela respondeu:


-Vale...

Irisina foise case chorando, pensando no castigo que lle podía caer. Pero ó día seguinte ocorréuselle unha fantástica idea. Ela tiña o poder de facer que a xente se alegrase por calquera cousa na que ela pensase, tamén podían alegrarse da música tradicional galega. Entón fixo un plan que consistía en:

Ao saír das súas clases, ir ao centro de Lun e alí facer que a xente se alegrase pola música tradicional galega. Xa alí Irisina cantou. E fixo coa súa maxia unha cruz coa que tocar. Deseguido tocou coa cruz e conseguiu que a todo o pobo de Lun lle gustase a música tradicional galega.

E dende entón todo o pobo de Lun sempre toca música tradicional galega.

*O lian é un instrumento propio do pobo de Lun, que é unha mestura entre piano, guitarra e violín.



Shaila Pintos Lorenzo 5º

ESTE ANO APARECE PETELA NO NOSO CENTRO. NO MES DE SETEMBRO E POR CONCURSO

CREAMOS A MASCOTA E O BLOG DA NOSA BIBLIO.

BIBLIOTECA
ESCOLAR
CEIP PETELOS.



NO SAMAIN TIVEMOS BRUXAS E PANTASMAS. OS NOSOS MESTRES CONTÁRONNOS HISTORIAS DE MEDO!!!



NO DÍA DE ROSALÍA ESCOLLIMOS CANTI-
GAS E POEMAS DA AUTORA E "ABRIMOS
AS FIESTRAS PARA LER AS SÚAS OBRAS"




TIVEMOS UNHA CONTACONTOS
CHAMADA SABELA QUE NOS
CONTOU "A HISTORIA DE MARTÍN."



NA SEMANA DA PRENSA FIXEMOS UN
TRABALLO DE INVESTIGACIÓN E RECO-
LLIDA DE INFORMACIÓN SOBRE MU-
LLERES TRABALLADORAS DE GALICIA.

A BIBLIOTECA DE PETELA : TODAS AS ACTIVIDADES QUE SE FIXERON Ó LONGO DO CURSO ESTÁN NO BLOG DE PETELA NA PAX. WEB DO COLE



A NOSA MASCOTA PETELA TROUXO UNHAS MALETAS VIAXEIRAS DE COMICS E DE POESÍAS EN GALEGO .QUE POIDEMOS DISFRUTAR DURANTE UN MES.




"PETELA TAMÉN TROUXO O CONTACTOS DE IAGO LÓPEZ "AXENTE RICIÑOS".



NA SEMANA DO LIBRO FIXEMOS ENTREVISTAS COS NENOS/AS NAS QUE RECOMÉNDANNOS CONTOS DA NOSA BIBLIO PARA LER.
AQUÍ TEMOS A IZAN E IKER DE 1º.



UXÍA E AINARA (5 ANOS). RECOMÉNDANNOS COELLIÑO BRANCO.
TEDES OS VÍDEOS NO BLOG DA BIBLIO.



Hasta aquí unha pequena mostra das actividades que fixemos no cole durante este curso 2017-2018. Se queres saber máis, só tes que achegarte a nosa páxina web.




**Magosto
Samañ
Paz
Maños
Nadal
Aguinaldo
Contacontos
Exposicións...**



**Maños
Bólas
Chapas...**





**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**